

## Obra de Misericordia: Visitar e coidar ao enfermo

Xesús percorría todas as vilas e aldeas ensinando nas sinagogas, anunciando a Boa Nova do Reino e curando toda enfermidade e doenza. Pero, vendo a multitude, sentiu unha fonda compaixón por ela, porque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor. Entón díxolles ós discípulos:

-A anada é ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ó dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa. (Mateo9)

**Xesús é a Boa Nova da Misericordia que ven traernos a saúde e a esperanza. Pensa naqueles enfermos que precisan consolo e ilusión. Pídello á Virxe María**



Danos nosa Señora  
Paz, saúde e amor.  
Roga por nós agora,  
diante do Señor

## Obras de Misericordia: dar de comer, dar de beber, vestir

Dille Xesús á samaritana: o que beba da auga que eu lle darei, nunca mais terá sede: a auga que eu lle darei, converterase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna. (Xoan 4)

Di Xesús: Eu son o pan da vida: quen vén onda min, non pasará fame e quen cre en min, endexamais non terá sede. (Xoan6)

**Xesús sacia a nosa fame a a nosa sede de amor, comunión e vida. Revestidos do seu amor, ora e achégate aos que teñen fame, están abandonados, sofren e padecen. Pídello á Virxe María**



¡Viva Fuente de Gracias llamada!  
Nuestras súplicas férvidas de hoy,  
nuestras lágrimas, ansias y anhelos,  
no los dejes sin tu bendición.

## Obra de Misericordia: Acoller ao peregrino, Liberar o cautivo

O Espírito do Señor está sobre min, porque El foi quen me unxiu para proclamarlles a Boa Nova ós pobres.

Mandoume para lles anunciar a liberación ós secuestrados e a vista ós cegos, para lles dar liberdade ós asoballados, e proclamar o ano de graza do Señor.

Logo empezoulles a dicir: -Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura. (Lucas4)

**As portas do noso corazón non poden permanecer pechadas. A gloria de Deus é que o home viva. Pídello á Virxe María.**



Muller bendita María  
tesnos onda o teu altar  
eres fonte de alegría  
de fortaleza ó camiñar.

## Obras de Misericordia: ensinar, correxir, ter paciencia

Moitos dos seus discípulos botáronse para atrás, e xa non andaban con el. Preguntoulles entón Xesús ós Doce:

-¿Vós tamén vos queredes ir?

Respondeulle Simón Pedro:

-Señor, ¿e onda quen imos ir? Ti tes palabras de vida eterna (Xoan6)

**Accolle no corazón a Palabra de vida e que se faga presenza no teu exemplo. Pídello á Virxe María.**



Romeros y peregrinos  
buscan refugio a tus plantas,  
sedientos de tus favores.  
Divina Fuente de Gracias  
Ave de alegrías, corona de dones  
nuestra romería.